






JT/iri
N/REF: VA-CO-073-10



Achégolle a resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza relativa ao proxecto "CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL E VESTIARIOS NO LUGAR DE XERMAÑA. PARROQUIA DE CAIÓN" A LARACHA- A CORUÑA, de acordo coa súa solicitude.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2011
O subdirector de Espazos Naturais e Biodiversidade



Rogelio Fernández Díaz

CONCELLO DE LARACHA
Praza do Concello s/n
15145 A Laracha, A Coruña

al expediente



JT/jmp

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL E VESTIARIOS NO LUGAR DE XERMAÑA, PARROQUIA DE CAIÓN, NO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA)

Expediente:	VA-CO-073-10	Asunto:	Autorización para a construción dun campo de fútbol e vestiarios
Promotor:	Concello da Laracha	Forma de inicio:	Solicitud do Concello de Laracha
Procedemento:	Autorización en base a: <ul style="list-style-type: none">• Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza• Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais		

ANTECEDENTES

- 1 Mediante escrito do 02/11/2010, o Concello da Laracha solicítanos autorización para executar as obras de construción dun campo de fútbol e vestiarios no lugar de Xermaña, na parroquia de Caión no Concello da Laracha (A Coruña). Posteriormente, con data 11/01/2011, remítese a esta Dirección Xeral o citado anteproxecto informado favorablemente pola Xunta de Goberno Local.
- 2 Para a resolución deste proxecto, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza solicitou ao Servizo de Conservación da Natureza da Coruña informe sobre as actuacións de referencia comprobándose que o citado proxecto se localiza nun espazo natural que ostenta as categorías que a continuación se relacionan:
 - Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) "Costa da Morte"
 - Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Costa da Morte"
- 3 Á vista de que a obra se encontra dentro dunha zona natural protexida emítese a presente resolución para así dar cumprimento á lexislación ambiental que lle é de aplicación.



DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

O obxecto deste proxecto é a construción dun campo de fútbol de céspede artificial no lugar de Xermaña, parroquia de Caión no Concello da Caracha (A Coruña) e promovido polo Concello da Laracha.

A dita actuación inclúe a construción dun edificio destinado a vestiarios xunto cun graderío na parte superior. Proxéctase tamén o peche perimetral da parcela reutilizando o material procedente da excavación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Vista a Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres que recolle que os estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar o deterioro dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaron a designación da zona, na medida en que estas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta ós obxectivos da Directiva.
- 2 Vista a Directiva 97/62/CE do Consello, de 27 de outubro de 1997, pola que se adapta ao progreso científico e técnico a Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- 3 Visto o Real Decreto 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres que xunto coas modificacións correspondentes traspón a Directiva 92/43/CEE ao ordenamento xurídico español.
- 4 Vista a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade que no Título II recolle a catalogación e conservación de hábitats e espazos do patrimonio natural e o seu Título III céntrase na conservación da biodiversidade silvestre.



- 5 Vista a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza que nos Capítulos II e III do Título I establece as distintas categorías dos espazos naturais protexidos e a súa protección e restricións e que no artigo 16.2 especifica que as actuacións non tradicionais e a realización de edificacións en Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais precisan autorización da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (na actualidade Consellería do Medio Rural).
- 6 Visto o Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, que no seu artigo 2º.2 recolle que as actividades que non se viñan realizando nestes espazos e que poñan en perigo os valores que xustificaron a súa protección requirirán autorización previa da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (na actualidade Consellería do Medio Rural).
- 7 Considerando que a zona de actuación do proxecto se encontra dentro dos límites dos seguintes espazos naturais protexidos:
 - Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) “Costa da Morte” (Cod: ES1110005) en base á Decisión 2004/813/CE da Comisión de 7 de decembro de 2004 pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bi xeográfica atlántica. A citada lista encóntrase actualizada mediante a Decisión 2009/96/CE de 12 de decembro de 2008.
 - Zona de Especial Protección dos Valores Naturais declarado mediante o Decreto 72/2004, do 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (na actualidade Consellería do Medio Rural).
- 8 Considerando que o informe técnico emitido pola arquitecta técnica municipal do Concello de Laracha Dona Manuela Cajide Seijas o 14/10/2010 sobre o proxecto que nos ocupa, recolle no seu punto 3:

“3. Posibilidade de construción da instalación: ademais do especificado anteriormente respecto da aplicación da LOUGA debe de terse en conta que o PXOM considera o solo clasificado como solo rústico de protección natural e cualificado como sistema xeral de equipamento deportivo, e visto ademais o anteprojecto para a comprobación da altura da masa edificada, dedúcese que é posible a construción da instalación.”



- 9 Considerando que o informe emitido, o 24/01/2011 sobre o proxecto que nos ocupa, polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña recolle:

“Análise do proxecto

O emprazamento do campo de fútbol, tal e como se reflicte no proxecto, localízase dentro do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) “Costa da Morte” (Cod: ES 1110005) creado segundo a Directiva 92/43/CEE. Este espazo está incluído na lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica, aprobada pola Decisión 2004/813/CE da Comisión de 7 de decembro de 2004. Ademais tamén está declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril.

Vista a protección anterior, revisáronse os valores polos que o espazo foi declarado para analizar a posible afección que a actuación proxectada pode producir neles. Así os hábitats de interese comunitario recollidos no anexo I da Directiva 92/43/CEE e que poderían verse afectados segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade son os seguintes:

*6410 Prados con Molinia
6430 Megaforbios éutrofos das orlas das chairas
6510 Prados de sega de baixa altitude*

Por outra banda, verificouse que non existen na zona do proxecto humidais protexidos nin catalogados polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o inventario de humidais de Galicia.

Con relación ao Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras, comprobouse que non afecta a ningunha árbore ou formación incluída no dito catálogo.

Ademais, durante a tramitación deste expediente solicitouse informe de campo, nel indicase que na zona de actuación non se encontrou ningunha das especies contempladas nos anexos do Decreto 88/2007, de 19 de abril polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. Neste informe sinalase que a vexetación existente está composta por herbáceas, Ulex, Cytisus, algún rodal illado de Salix, Eucaliptos e Pinos.

Conclusións

A construción deste campo de fútbol afecta a un espazo natural protexido declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, nunha zona de elevado valor paisaxístico.

En calquera caso deberase ter en conta que as actuacións que se realicen en Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais en ningún momento deben repercutir sobre os valores naturais polos que o espazo foi protexido nin causar prexuízo á integridade do lugar.

Á vista do anterior, e non dispoñendo de Plan de Conservación aprobado para dito espazo nin tendo directrices específicas de xestión dos seus recursos naturais, a construción do campo de fútbol prevese ambientalmentes viable sempre e cando as características da parcela se axusten á lexislación vixente en materia urbanística e quedara garantida a integridade do espazo natural protexido.

Emítese este informe dentro do noso ámbito competencial, así como en base ó procedemento no que se integra a súa solicitude, sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes pertinentes ou legalmente esixibles.”

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza é competente para resolver o expediente segundo o estipulado no artigo 10º do Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.



De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Autorizar, aos efectos previstos no punto 2 do artigo 16º da Lei 9/2001 de conservación da natureza e do punto 2 do artigo 2º do Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, a construción dun campo de fútbol e vestiarios no lugar de Xermaña, na parroquia de Caión no Concello da Laracha (A Coruña) e promovido polo Concello da Laracha, xa que, segundo sinala o informe transcrito nesta resolución aos efectos de fundamentación da mesma, a actuación prevista non suporá a perda dos valores polo que o espazo natural “Costa da Morte” foi protexido e polo tanto non existe prexuízo á súa integridade, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

- 1 Porase especial coidado en balizar a parcela a ocupar polas obras coa finalidade de non alterar máis superficie ca necesaria para a execución do proxecto. Esta medida de corrección é imprescindible e de carácter preventivo.
- 2 Deberanse tomar as medidas de seguridade precisas para evitar derrames accidentais de aceites, carburantes, etc.
- 3 Todos os residuos xerados, así como os materiais sobrantes serán recollidos e tratados conforme a súa natureza.
- 4 No caso de demostrarse calquera afección significativa sobre os valores naturais do espazo natural protexido, tomaranse inmediatamente as medidas necesarias para reducir o dano ocasionado, e será o Servizo de Conservación da Natureza da Coruña quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas para corrixir os efectos provocados.

A presente autorización non exime da obtención e/ou cumprimento doutros permisos, autorizacións ou comunicacións necesarias para a execución deste proxecto.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada perante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da recepción da notificación, de conformidade co establecido nos artigos 107.1., 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

O que lle notifico ós efectos previstos no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2011

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Ricardo García-Borregón Millán